A/A Alcaldía.

A Coruña a 26 de Maio de 2020

Estimado/a Alcalde/sa:

Escribímoslle desde a Asociación Galega de Esclerose Lateral Amiotrófica – AGAELA, no nome dos nosos asociados co obxectivo de realizarlles unha proposta de carácter solidario para o **Día Mundial da ELA**.

Como xa saberá, a ELA (Esclerose Lateral Amiotrófica) probablemente sexa unha das enfermidades máis devastadoras ás que se pode enfrontar calquera persoa e calquera familia. Por iso, parécenos fundamental darlle visibilidade e que a sociedade comprenda a que se enfrontan os enfermos e as súas familias ante este fatal diagnóstico.

Así, este é o motivo polo que desde fai dous anos, e xunto ao resto de Asociacións de Pacientes e a Fundación Francisco Luzón, como **Comunidade Nacional da ELA**, estamos promovendo **#LuzporlaELA**, unha acción de visibilidade nos Concellos de España e, neste caso, en colaboración co seu Concello, coincidindo co Día Internacional da ELA, **21 de xuño**.

A acción consiste en iluminar de cor verde (durante a fin de semana do 20 e o 21 de xuño) **a maior cantidade de monumentos e edificios emblemáticos** de todo o país en apoio e solidariedade coas persoas afectadas pola ELA e deixar constancia de que "A ELA existe".

En 2019, 210 municipios das diferentes Comunidades Autónomas participaron iluminando de verde **305 monumentos de toda España**, entre os que se atopaban a Fonte de Cibeles, a Praza de España de Sevilla, o Arco de Santa María de Burgos, os Concellos de Barcelona ou Donosti, a Deputación da Coruña ou a Torre de Hércules, o Templo de Diana de Mérida, o Palacio da Madalena de Santander, o Teatro Campoamor de Oviedo e outros edificios do sector privado.

Este ano, o noso obxectivo é **chegar a máis persoas** para que aquelas que aínda non coñecen a ELA poidan facelo, polo que lle pedimos que apoie esta iniciativa e se sume á Campaña de Sensibilización **#LuzporlaELA**, iluminando de verde varios monumentos ou edificios pertencentes ao seu Concello, poñendo de manifesto así, non só a beleza do patrimonio do concello, se non tamén o impulso de actividades solidarias en favor de persoas enfermas como as que padecen ELA. Pola nosa parte, apoiaremos a campaña con diferentes accións de comunicación a nivel nacional e tamén a nivel local.

En espera das súas noticias para concretar de novo esta iniciativa e agradecendo a súa atención por anticipado.

Asociación Gallega de Esclerosis Lateral Amiotrófica
A.G.A.E.L.A.
C.I.F.: G-70.217.500

Dámaris Domínguez Martínez
Secretaria de AGAELA

Vº Bº.:

Joaquina Martínez Pintos
Presidenta de AGAELA